

INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA

EN CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR. CURSO 2012-2013

Cada solicitante presentará unha única instancia, no centro escollido como primeira opción

O prazo ordinario de **presentación das solicitudes** será desde o día **18 de xuño ata o día 2 de xullo** ás 13.00 h, ambos os dous incluídos, para todo o alumnado que obtivera en xuño o **título da ESO** no curso 2011-2012 ou o obtivese en cursos anteriores ou teña **superada a proba de acceso**.

Quen presente a solicitude no prazo ordinario terá preferencia sobre os que a presenten no prazo extraordinario.

PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA: FASE ORDINARIA DE XULLO

O **4 DE XULLO** os centros farán pública a **relación provisional** de persoas solicitantes, ordenada alfabeticamente con indicación da puntuación acadada e das opcións priorizadas. *Pode consultarse no centro onde se reservou praza e na dirección <http://www.edu.xunta.es/fp>*. Podes presentar reclamación contra a listaxe provisional no prazo establecido do 4 ao 10 de xullo ás 13 horas.

O día **16 de xullo** farase pública nos taboleiros de anuncios dos centros e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp> a listaxe definitiva de solicitantes.

O día **17 de xullo** **publicarase a 1ª relación ordinaria de admitidos en cada ciclo formativo de grao medio e de grao superior**. *Pode consultarse no centro onde se reservou praza e na dirección <http://www.edu.xunta.es/fp>* Nese momento é cando decides entre: matricularse ou renunciar a praza adxudicada.

No prazo que abrangue desde o día **17 de xullo ao día 19 de xullo ás 13 horas deberase matricular o alumnado admitido en cada ciclo a non ser que desexe renunciar** á praza adxudicada.

O alumno que non queira a praza adxudicada ten que **renunciar**. O feito de renunciar á adxudicación dunha praza é condición indispensable para quedar en lista de espera das opcións anteriores. Os solicitantes admitidos que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado, perderán o dereito á súa praza e, nese caso, procederase á súa escolarización ao final do proceso, se houber vacantes.

O **24 de xullo** **publicarase unha segunda adxudicación de admitidos en cada ciclo formativo de grao medio e de grao superior**. *Pode consultarse no centro onde se reservou praza e na dirección <http://www.edu.xunta.es/fp>* Nese momento é cando decides entre: matricularse ou renunciar a praza adxudicada..

Do 24 de xullo ao 27 de xullo ás 13 horas será o prazo establecido para que este alumnado se matricule a non ser que desexe renunciar a praza adxudicada.

Despois de cada unha das **adxudicacións anteriores, se existisen prazas vacantes e non houberse listaxe de espera, liberaranse as prazas do ciclo formativo ata o 31 de xullo ás 13.00** horas para aquel alumnado que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso. Os centros efectuarán a matrícula por estrita orde de chegada das solicitudes.

A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar en calquera momento na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>

PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA: FASE EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

O prazo extraordinario de **presentación de solicitudes** será desde o día **3 ao 12 de setembro ás 13:00 horas**, ambos os dous incluídos.

O **14 DE SETEMBRO** os centros farán pública a **relación provisional** de persoas solicitantes, ordenada alfabeticamente con indicación da puntuación acadada e das opcións de preferencia. *Pode consultarse no centro onde se reservou praza e na dirección <http://www.edu.xunta.es/fp>.* Podes presentar reclamación contra a listaxe provisional no prazo establecido do 14 ao 17 de setembro ás 13 horas.

Nese momento é cando se pode reclamar se non se está de acordo. Esta prazo de reclamación é ata o día 16 ás 13.00 h.

O día **19 de setembro farase pública a primeira relación extraordinaria de admitidos en cada ciclo formativo de grao medio e ciclo formativo de grao superior** *Pode consultarse no centro onde se reservou praza e na dirección <http://www.edu.xunta.es/fp>.* Nese momento é cando decides entre: matricularse ou renunciar a praza adxudicada.

No prazo que abrangue desde o día **19 ao día 21 de setembro ata as 13:00 horas deberase matricular o alumnado admitido en cada ciclo a non ser que desexe renunciar** á praza adxudicada.

O alumno que non queira a praza adxudicada ten que **renunciar**. O feito de renunciar á adxudicación dunha praza é condición indispensable para quedar en lista de espera das opcións anteriores. Os solicitantes admitidos que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado, perderán o dereito á súa praza e, nese caso, procederase á súa escolarización ao final do proceso, se houber vacantes.

O **25 de setembro** publicarase unha **segunda adxudicación de admitidos en cada ciclo formativo de grao medio e ciclo formativo de grao superior**. *Pode consultarse no centro onde se reservou praza e na dirección <http://www.edu.xunta.es/fp>* Nese momento é cando decides entre: matricularse ou renunciar a praza adxudicada...

Do 25 ao día 27 de setembro ás 13:00 horas será o prazo establecido para que este alumnado se matricule a non ser que desexa renunciar a praza adxudicada

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ou despois de cada unha das ***adxudicacións anteriore, existisen prazas vacantes e non houbera listaxe de espera, liberaranse as prazas do ciclo formativo*** para o alumnado que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso. Os centros efectuarán a matrícula por estrita orde de chegada das solicitudes.

A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar en calquera momento na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>

PAXINA WEB MOI IMPORTANTE PARA CONSULTAR TODA A INFORMACIÓN SOBRE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E GRAO SUPERIOR. CURSO 2012-2013

- <http://www.edu.xunta.es/fp/> Páxina da Consellería de Educación onde podes consultar toda a información sobre:
 - Instrucións sobre o proceso de admisión e para cubrir o impreso de solicitude de admisión.
 - Oferta educativa de cada ciclo formativo de grao medio e de ciclos formativos de grao superior. É interesante que consultes esta información para cubrir na solicitude o código do centro e o código do ciclo.
 - Impresos de:
 - 1-Impreso de solicitude de admisión a ciclos formativos de grao medio (ANEXO I)
 - 2- Impreso de solicitude de admisión a ciclos formativos de grao superior (ANEXO II).
 - 3-Impreso de renuncia a adxudicación de prazas

Para calquera dúbida podes dirixirte ao Departamento de Orientación do I.E.S de Monterroso.

NOTA IMPORTANTE:

O proceso de admisión e matrícula no réxime de adultos na modalidade presencial ou a distancia e o establecido anteriormente. Podes descargar a información na seguinte páxina <http://www.edu.xunta.es/fp/>.